

Os nomes do vento en Galicia e Portugal. Un estudo a partir dos datos do *ALPI*¹

Carolina Pérez Capelo
Instituto da Lingua Galega (USC)²
carolina.perez.capelo@usc.es

Abstract: The main aim of this paper is to study the wind names in Galicia and Portugal included in the *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*. We try to organize and classify the information of the *Atlas*, to establish a typology of the wind names and to delimit the diatopic areas of the different names.

Keywords: wind names, lexicon, Galician, Portuguese

Palavras-chave: nomes do vento, léxico, galego, português

1. Introducción

O presente traballo xorde co obxectivo de estudar as diferentes denominacións que reciben os ventos no territorio galego e portugués recollidas no *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*. Así pois, a través deste estudo pretendemos organizar e clasificar a grande cantidade de información que se pode tirar da cuestión 425 do *ALPI*, pregunta aberta na que, como logo se verá, se pide aos informantes que indiquen as denominacións do vento que coñecen atendendo á dirección da que este procede. Buscamos establecer, de ser posible, unha tipoloxía dos nomes dos ventos e descubrir se os motivos que orixinan os devanditos nomes son compartidos. Do mesmo xeito, queremos tamén delimitar, se as houber, as áreas dialectais dalgunhas das formas para chamar o vento e esclarecer, de ser posible, a orixe motivacional das denominacións máis escuras no tocante ao seu significado. A última das nosas pretensións ao elaborarmos este traballo é deixar constancia dalgunhas formas que, co devir do tempo, se foron perdendo entre os falantes.

No que atinxe á estrutura do texto, comezamos expoñendo as características da nosa fonte de datos e achegándonos ás particularidades da cuestión 425 que aquí esmiuzaremos (punto 2). A continuación, presentamos as denominacións recollidas no *ALPI* cartografadas e tamén clasificadas segundo a dirección do vento á que fagan referencia (puntos 3, 4, 5 e 6). Finalmente, elaboramos un esbozo de tipoloxía das denominacións do vento en Galicia e Portugal (punto 7).

2. O *ALPI*. A pregunta 425

Antes de expoñermos os datos e resultados obtidos desta pescuda, consideramos oportuna unha pequena referencia á fonte da que tiramos os datos, isto é, o *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* (o *ALPI* de agora en diante). O traballo de campo para a elaboración deste Atlas que dirixiu Tomás Navarro Tomás foi desenvolvido maioritariamente entre os anos 1931 e 1935, aínda que a realización das enquisas no dominio portugués foi suspendida co estalido da guerra civil española e non se reanuda ata a década dos cincuenta. As datas da recollida de información son, desde o noso punto de vista, un dos principais valores de empregarmos o *ALPI* como fonte primeira do noso estudo xa que nos permite achegarnos a formas léxicas doutro tempo e doutra sociedade, ás veces xa desaparecidas ou a punto de se extinguiren na lingua actual.

O traballo de campo do *ALPI* foi realizado por diferentes investigadores, entre os cales nos interesa destacar, por seren os enquisadores do territorio aquí estudado, a Aníbal Otero, o traballador principal no territorio galego, axudado nalgún punto por Aurelio Espinosa, e a Armando Nobre de Gusmão e Luis F. Lindley Cintra, enquisadores do dominio portugués, axudados tamén en ocasións por Aníbal Otero.

Co obxectivo de recoller todas as variedades lingüísticas románicas da Península, realizáronse enquisas nun total de 528 puntos en todo o territorio ibérico. No tocante ao territorio que a nós nos interesa, o tratado neste

¹ PÉREZ CAPELO, Carolina (2014): «Os nomes do vento en Galicia e Portugal. Un estudo a partir dos datos do *ALPI*», en Antonio MORENO *et alii*, *XXIX Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Linguística. Textos Seleccionados*. Coimbra: APL, 465-480.

² Este traballo desenvolveuse dentro do grupo de investigación Filoloxía e lingüística galega (GI-1743) do Instituto da Lingua Galega (USC) e grazas á axuda para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas (GRC2013-040) da Secretaría Xeral de Universidades.

estudo, en Galicia realizáronse enquisas en 53 puntos³ e en Portugal, en 93⁴. Isto fai un total de 145 localidades estudadas nos dominios lingüísticos galego e portugués, o cal, ao noso ver, conforma unha rede de puntos o suficientemente ampla para poder levar a cabo o traballo que quixemos desenvolver e poder establecer, se a houber, unha repartición dialectal bastante fiable das diferentes denominacións. No anexo primeiro deste estudo recolleemos a listaxe dos puntos enquisados en Galicia e Portugal.

De todo a material recollido para a elaboración do ALPI interéranos neste estudo as respostas anotadas para a pregunta 425 do segundo dos cadernos da enquisa: *Vientos según su dirección (cierzo, ábrego, lebeche, gallego)*. Polo que podemos observar ao traballarmos cos cadernos do ALPI, tanto os enquisadores galegos coma os portugueses foron, polo xeral, bastante exhaustivos á hora de anotaren as respostas dos informantes. En todos os puntos foron recollidas varias denominacións para o vento e, en moitas ocasións, sinalouse con maior ou menor precisión a súa procedencia. Nas figuras 1, 2, 3 e 4 recolleemos algúns exemplos desas respostas á pregunta 425 extraídos dos cadernos orixinais:




Figura 1. Cerdedo, Pontevedra




Figura 2. Praia de Mira, Mira, Coimbra




Figura 3. Boimorto, Coruña




Figura 4. Monte dos Sapos, Mértola, Beja




Figura 5. Mendiga, Porto de Mos, Leiria




Figura 6. Sagres, Vila do Bispo, Faro

O primeiro paso na elaboración deste traballo foi organizar e clasificar toda esa información recollida na pregunta 425 do ALPI. Nalgúns puntos coma, por exemplo, o de Praia de Mira, (figura 2), foi esta unha tarefa bastante sinxela, pois o enquisador foi ben preciso e ordenado ao escribir as respostas. Máis complexo foi este labor ao achegármonos a outros puntos con anotacións menos claras, como ocorre por exemplo na Figura 1, no punto de Cerdedo, onde a orde das respostas e as súas anotacións resulta algo menos precisa. Doutra banda, atopamos tamén nalgún caderno indicios de posibles confusións dos enquisadores no traballo de campo. Un caso

³ Repartidos por provincias foron: 15 na Coruña, 13 en Lugo, 12 en Ourense e 13 en Pontevedra

⁴ Distribuídos do seguinte xeito polos seus 18 distritos: 5 en Viana do Castelo, 7 en Braga, 5 en Porto, 3 en Vila Real, 9 en Bragança, 6 na Guarda, 6 en Viseu, 3 en Aveiro, 5 en Coimbra, 6 en Castelo Branco, 4 en Leiria, 7 en Santarem, 6 en Portalegre, 4 en Lisboa, 3 en Setúbal, 2 en Évora, 6 en Beja e 6 en Faro.

evidente é o recollido do caderno de Boimorto (figura 4) onde encontramos: *aire travesío ‘este’, solano o aire melidao ‘oeste’*. Tendo en conta que *travesío* é unha denominación case sempre referida ao vento do oeste, que *solano* é un nome habitualmente aplicado ao aire do leste e, sobre todo, que Melide (de onde se deriva *melidao*) se sitúa ao leste de Boimorto, parece claro que tivo que haber unha confusión do investigador ao tomar as súas notas. Trátase de erros perfectamente xustificables tendo en conta as circunstancias nas que se desenvolvía o traballo de campo: o enquisador debía tomar nota decontado das respostas achegadas polo informante. Referímonos a eles porque tiveron a súa relevancia á hora de ordenar e clasificar a información e fixéronnos renunciar neste traballo a algunhas denominacións nalgún punto cuxa dirección non ficaba clara nos cadernos.

Aínda a pesar destas pequenas dificultades metodolóxicas, recollemos do *ALPI* e tratamos neste traballo un total de 617 respostas, repartidas por puntos e direccións segundo se reflicte no cadro 1⁵. Ante os datos representados na táboa, cremos que cómpre sinalar que o número de denominacións non é equivalente ao número de puntos enquisados ou, noutras palabras, non temos catro denominacións para cada unha das 145 localidades enquisadas no *ALPI*. Dunha banda, non en todos os cadernos se anotaron nomes para os catro ventos e doutra, nalgúns cadernos rexistráronse para un mesmo punto cardinal varias denominacións, o cal incrementa, en certa medida, o número de denominacións coas que traballamos. Poñemos o exemplo de Mendiga (figura 5) onde ao vento que vén do oeste lle chaman *vento da banda do mar* e tamén *mareiro* e ao que vén do leste, *soño* e *espanhol*. Neste caso, achamos para un mesmo vento dúas denominacións cun significado equivalente. Noutras ocasións, non moi frecuentes, o que ocorre é que dous nomes para chamarlle a un mesmo vento poden presentar certos matices diferenciadores. Isto é o que ocorre, por exemplo, en Sagres (figura 6), onde para se referir ao vento que chega do norte teñen *norte* e *nortada* e para o vento do oeste, *oeste* e *travesiada*; neste caso, as formas non son idénticas pois, segundo as anotacións do enquisador, *nortada* e *travesiada*, ademais de ventos de dirección norte e oeste respectivamente presentan tamén a calidade de seren ventos fortes.

Norte (N)	148 respostas	58 Galicia
		90 Portugal
Sur (S)	160 respostas	72 Galicia
		88 Portugal
Leste (L)	186 respostas	65 Galicia
		121 Portugal
Oeste (W)	123 respostas	58 Galicia
		65 Portugal
TOTAL	617 respostas	253 Galicia
		364 Portugal

Cadro 1. Respostas á pregunta 425 do *ALPI* tratadas neste estudo

3. Vento do norte

Cartografamos no mapa 1 (Anexo 2) as denominacións recollidas no *ALPI* para o vento do norte en Galicia e Portugal. Tal e como nel se pode observar, o máis común para facer referencia ao aire desta dirección é recorrer ao propio punto cardinal. Así pois, os nomes máis frecuentes que se espallan por todo o territorio son *vento* (ou *aire*) *do norte*, *vento norte* ou simplemente *norte*. Rexístrase tamén o derivado *nortada* en seis localidades portuguesas: tres ao norte, en Insalde (201)⁶, Apúlia (208) e Arco de Baulhe (211) e outras tres ao sur, en Grândola (278), Sagres (291) e Fusetas (292)⁷.

É bastante frecuente en Galicia chamarlle ao aire do norte *vento de arriba*, unha denominación que, pola contra, apenas se rexistra en Portugal⁸. Nalgunha ocasión pouco habitual, o adverbio de lugar empregado na denominación non é *arriba*, senón o seu contrario, *abaixo*. É este o caso de Navia de Suarna (122), San Clodio (127) e Vilar Formoso (232), puntos nos que lle chaman ao do norte *vento de abaixo*. Entendemos que se trata de localidades nas que as maiores altitudes se sitúan cara ao sur.

⁵ Tratamos aquí soamente os datos dos catro puntos cardinais principais. Tamén se recollen no *ALPI*, aínda que en menor número, denominacións para os ventos do nordeste, noroeste, sueste e suroeste.

⁶ Neste caso e noutros moitos que se atoparán ao longo do texto, o número entre parénteses logo da localidade correspóndese ao número atribuído á devandita localidade na rede de puntos do *ALPI* (vid. anexo 1).

⁷ Segundo as anotacións dos enquisadores do *ALPI*, nos puntos 208, 278 e 291 *nortada* resérvase para falar do vento do norte cando é forte, bravo.

⁸ En territorio portugués atopamos *vento de cima* soamente en Vila Real, na localidade de Vilarinho de Sarmardã (291).

Outro recurso para denominar este aire é tomar como punto de referencia un lugar, un monte ou un río situado cara ao norte da localidade propia e chamarlle así polo topónimo, orónimo ou hidrónimo que dá nome a esas entidades de poboación ou realidades xeográficas. Casos do emprego de topónimos (ou adxectivos derivados do topónimo) témolos en Cospeito (119), onde lle chaman *vento de Vilalba*; en Arbo (128), *aire da Franqueira*; en Marinhas (207), *vento de Viana*; en Vila do Conde (212), *vento da Póvoa* ou en Cerdedo (133), *vento santiagués*. Encontramos orónimos nas denominacións *vento do Gerês*, rexistrada en Arco de Baulhe (211) e *vento do Marão*, en Moimenta da Beira (236); un hidrónimo témolo na denominación *vento do Meiral*, recollida en Rubiá (147), na que se fai alusión ao nome dun afluente do río Sil. Encádranse neste conxunto as denominacións *vento galego* e *aire de Galicia*, aínda que son tamén, ao noso ver, particulares dentro do grupo, pois o topónimo e o adxectivo non aluden a unha localidade concreta, senón a un país. Chámanlle *vento galego* a este aire en varias localidades do norte portugués nos distritos de Vila Real e Bragança⁹. En territorio galego, no punto de Pedrafita do Cebreiro (124), situado preto da fronteira administrativa entre Galicia e Castela e León, o vento do norte é chamado *aire de Galicia*.

Rexístranse tamén no *ALPI* nomes formados cun substantivo común (ou cun adxectivo derivado deste) que designa unha realidade xeográfica: *monte, serra, mar,...* que é tomada como punto de referencia. É este o caso das denominacións *vento da serra* ou *vento serrano* (o vento procedente dunha serra que está ao norte¹⁰) que encontramos en Duas Igrejas (225), Belmonte (249), Alcains (252) e Montalvão (266); *vento da terra* (o vento que procede do interior, fronte ao vento do mar) rexistrado en Almargem (274) e *vento da barra*¹¹, nome recollido en Moita (276).

Outros nomes cos que tamén se alude ao vento do norte ciscados polo mapa 1 son: *sieiro*, que presenta unha relativa frecuencia ao norte de Portugal¹²; *solano*, en Abegondo (104); *vento da frieira*, en Fafe (210); *vento travessão*, en Moimenta da Beira (236) e en Moita (276); *vento mata cabras*, en Almargem (274) e *vento alto*, en Marmalete (290).

4. Vento do sur

Cartografamos no mapa 2 (Anexo 2) as denominacións recollidas no *ALPI* para o vento do sur en Galicia e Portugal. O máis común para facer referencia a este vento é, ao igual que ocorría para o vento do norte, acudir ao propio punto cardinal. Así pois, segundo os datos que tiramos da nosa fonte e tal e como no mapa 2 se pode observar, son frecuentes por todo o territorio denominacións coma *vento do sur / sul*, *vento sur / sul* ou, elidindo o substantivo nuclear, simplemente *sur / sul*.

Ao carón destas denominacións, é moi frecuente tamén no occidente galego (polas provincias da Coruña e Pontevedra e tamén nalgún punto do norte de Lugo) empregar a forma *vendaval* para se referir a este vento, denominación que, pola contra, non ten presenza en territorio luso.

Continuando coas denominacións máis habituais, obsérvase no mapa 2 que é tamén común, tanto en Galicia coma en Portugal, empregar o adverbio *abaixo* para aludir ao aire desta dirección, en correlación coa denominación *vento de arriba* indicada antes para o vento de dirección norte¹³. Do mesmo xeito que había varias localidades nas que se lle chamaba *vento de abaixo* ao vento do norte (vid. supra), encontramos agora a situación inversa: en dúas desas localidades, Navia de Suarna (122) e Vilar Formoso (232), rexístrase a forma *vento de riba* ou *vento de cima* para denominar o vento do sur.

É bastante xeral tamén chamarlle ao vento desta dirección polo nome dunha localidade máis ou menos próxima situada ao sur. É isto o que ocorre en Cospeito (119) onde se denomina *aire de Lugo*; en Pedrafita do Cebreiro (124), *aire do Courel*; en Maceda (144), *aire de Allariz*; en Rairiz de Veiga (148), *aire da Feira Nova*; en Moledo (202) e Portuzelo (203), *vento de Braga*; en Marinhas (207), *vento da Póvoa*; en Fafe (210), *vento de*

⁹ Máis en concreto, nos puntos de Montalegre (217), Carrizado de Montenegro (218), Vilarinho de Samardã (219), Torre de Dona Chama (223), Vimioso (224) e Vilarinho das Azenhas (227).

¹⁰ Repárese na similitude entre estas denominacións e as anteriores *vento do Gerês* ou *vento do Marão*. Chamada co nome propio ou designada cun substantivo común, o punto que se toma como referencia para denominar o vento do norte é sempre unha serra.

¹¹ Esta denominación, que volverá a saír ao falarmos de ventos doutras direccións, presenta para nós un significado dubidoso. O substantivo *barra* ten, entre outros, o significado de 'Banco o baixo de arena que se forma en la boca o entrada de algunos ríos y rías' (DdD), 'Banco de arena que se extíente en la boca o entrada de los ríos y rías, haciéndola difícil o peligrosa, especialmente en las mareas bajas' (DdD). Outra acepción de *barra* é a de 'Núvem comprida' (TLPGP). Así, o *vento da barra* podería ser tanto o vento que procede da *barra* (cos primeiros significados) coma o vento que trae consigo *barras* e mal tempo (neste caso, co segundo sentido de *barra* aquí apuntado).

¹² Encontrámolo en Balugães (206), Brito (209), Vila Nova de Foz-Côa (229), Quinta Nova (230), Vilar Formoso (232) e São João da Pesqueira (235).

¹³ Tal e como anteriormente foi sinalado (vid. n.4), atendendo aos datos que nos fornece o *ALPI* a denominación *vento de cima* (para o vento do norte) ten unha presenza residual en Portugal (soamente se rexistra nun único punto). *Vento de abaixo* é, pola contra, bastante máis habitual, rexistrándose ata en quince ocasións.

Amarante; en Peredo (226), *vento da Saldonha* e en Arganil (248), *vento do lado de Góis*. En ocasións, no canto do topónimo, o que se usa é un adxectivo derivado deste, tal é o caso do *aire caldelao* (de Castro Caldelas) recollido en San Clodio (127); do *vento bragués* (igual ca o *vento de Braga*), en Insalde (201) ou o *vento pombaleiro* (procedente do Pombal) recollido en Montemor-o-Velho (245). Na localidade de Paderne (200) emprégase un orónimo: *vento da Peneda*, tomando como punto de referencia as serras da Peneda. Finalmente, vinculadas ás denominacións *vento galego* e *aire de Galicia* que sinalamos na epígrafe anterior para denominar o vento do norte, encontramos agora en Galicia *vento de Portugal* e *vento dos portugueses* para facer referencia ao vento do sur, denominacións localizadas en tres localidades próximas á fronteira administrativa con Portugal (Pontearreas [137], O Rosal [140] e A Gudiña [149]).

En varios puntos portugueses rexistramos denominacións construídas a partir dun substantivo común que designa unha realidade xeográfica. Falamos de nomes coma *vento da água* ou *vento do lado da água*, recollidos en Aldeia do Bispo (233) e Alte (289); *vento do mar* ou *vento da banda do mar* en Odeleite (288) e Fuseta (292); *vento da serra*, en Sousel (270) e Alcabideche (275); *vento da terra*, en Vieira (255); *vento da barra* (vid. n.10), en Portuzelo (203); *vento do pego*¹⁴, recollido en catro localidades no suroeste de Portugal (Campo Maior [271], São Matias [279], Barrancos [281] e Moura [282]) e *vento cantaril*¹⁵, en Quinta Nova (230) e Moimenta da Beira (236).

Finalmente, outros xeitos de chamarlle ao vento do sur que atopamos espallados por varios puntos do mapa son *vento soán / soão / solano*, denominacións recollidas en Baio (106), A Gudiña (149), Entrimo (150), Oímbra (151), São Romão (234), Ferreira do Zêzere (260), Rio Maior (262) e Santana (277); *temporal*, en Quinta Nova (230), São João da Pesqueira (235) e São Matias (279) e *levante* en Santa Justa (287) e Odeleite (288).

5. Vento do leste

Cartografamos no mapa 3 (Anexo 2) as respostas achegadas no *ALPI* para o aire de dirección leste en Galicia e Portugal. Tal e como se pode observar nel, é bastante común chamarlle a este vento recorrendo ao emprego do propio punto cardinal *leste / este* ou aos seus sinónimos *nacente / nascente* e *levante*. A denominación *vento do leste* (ou *vento leste* ou, simplemente, *leste*) atopámola fundamentalmente en localidades costeiras, tanto de Galicia coma de Portugal: en Sismundi (100), Miño (102), Muros (112.1), Covas (114), Vilanova de Arousa (131), Apúlia (208), Santana (277) e Fuseta (292). Tamén principalmente en lugares próximos ao mar¹⁶ achamos a denominación *vento do levante* ou *levante*, tal é o caso de Sismundi (100), Valdoviño (101), Muros (112.1), Meaño (132), Grândola (278), Alte (289), Sagres (291) e Fuseta (292). No tocante á denominación *vento do nacente / nascente* é a máis habitual das formadas co punto cardinal. Encontrámola espallada por diversas zonas do territorio, aínda que a área de maior concentración está na metade sur de Galicia e no norte de Portugal¹⁷.

Denominacións moi comúns para o vento do leste, estendidas por todo o mapa son as derivadas de *sol*: *soán / soao / soão, solano / solão*, aludindo ao vento que chega do mesmo lado polo que raia o sol. En Galicia, a máis frecuente destas é *solano* (rexistrada en 30 puntos), aínda que tamén encontramos *soán* no occidente coruñés (en Corcubión [108], Carballo [107], Santa Comba [109] e Rois [113]) e *soao* nun punto de Lugo (en Palas de Rei [121]). En Portugal, a forma máis frecuente é *soão* (rexistrada en 38 puntos), aínda que tamén se recolle *solão* en Cartaxo (263), Paderne (200) e Barrancos (281).

Bastante habitual é tamén tomar como punto de referencia unha localidade situada ao leste e chamarlle ao vento polo nome dese lugar, seguindo o mesmo recurso xa anteriormente comentado para os ventos do norte e do sur. Así, en Guitiriz (118) chámalle *aire de Lugo*; en Cospeito (119), *aire de Meira*; na Gudiña (149), *aire de Bragança*; en Paderne (200), *vento de Fiães*; en Castendo (239), *vento do lado da Guarda*; en Sober (126), *aire caldelao* (o aire de Castro Caldelas); en Montalegre (217), *vento bragansés* (de Bragança) e en Neovigilde (214), *vento do Marão* (neste último caso trátase dun orónimo; a referencia espacial é a Serra do Marão). Un caso

¹⁴ A denominación *vento do pego* presenta para nós un significado dubidoso. As razóns de incluírmolo aquí, entre denominacións que inclúen elementos da xeografía, son algunhas acepcións deste substantivo coma 'lagoa' (TLPGP) ou 'o sitio mais fundo de um rio, lago, etc.', 'abismo', 'sorvedouro' (Priberam).

¹⁵ O adxectivo *cantaril* presenta a acepción 'relativo aos cumes da Serra da Estrela' (Priberam). Ten tamén, por extensión, o significado 'vento dos cumes da Serra da Estrela'. *Cantaril* deriva de *cântaro*, rexionalismo que designa 'cada um dos cumes da Serra da Estrela' (Priberam).

¹⁶ Con todo, a denominación *vento do levante* non é exclusiva da costa. Tamén se rexistra ocasionalmente en puntos do interior coma os de Meixente (123), Ourique (285) e Monte dos Sapos (286).

¹⁷ Rexístrase, máis en concreto, nos puntos de Chantada (125), Sober (126), Cuntis (130), O Rosal (140), Rairiz de Veiga (148), Oímbra (151), Fafe (210), Arco de Baúlhe (211), Vilarinho de Samardã (219), Sobreiró (220), Rio de Onor (221) e Vilarinho das Azenhas (227). Fóra desta área na metade norte do territorio estudado, rexístrase tamén *vento do nascente* máis ao sur, en Lapas (261), Coruche (265), Sobreiro (272) e Santa Justa (287).

especial deste tipo de denominacións formadas cun topónimo ou cun adxectivo derivado do topónimo é o de *vento da Espanha* ou *vento espanhol*, nomes que, tal e como se pode observar no mapa 3, se repiten adoito ao longo do territorio portugués, *vento espanhol* en 20 puntos e *vento da Espanha* en tres máis. Outra denominación particular dentro deste grupo é *vento de Castilla*, rexistrada no punto lucense de Pedrafita do Cebreiro (124), situado a carón da fronteira administrativa entre Galicia e Castela e León.

O vento do leste é tamén chamado por un substantivo común que designa unha realidade física. Este é o caso de *vento da terra* en Marinhas (207), Vila do Conde (212) e Vila Nova de Milfontes (284); *vento da serra* ou *vento serrano*, en Paço de Rei (216), São Romão (234), Arganil (248), Praia de Mira (244) e Chaínça (247); *aire do val* na Arnoia (143) e *vento da barra* (vid. n.10) en Montemor-o-Velho (245).

Aínda que con moita menos presenza que para o vento de dirección norte, rexístrase tamén para o aire do leste a denominación *vento de arriba* / *vento de cima*. Atópamola en tres puntos do oeste ourensán (San Clodio [127], Celeiros [145] e O Bolo [146]) e en catro no norte portugués (en Salamonde [205], Fafe [210], Gondar [215], e Vale de Matos [237]). En Rebordãos (222) recóllese *ar de baixo*.

Outras denominacións minoritarias para este vento son *aire travesío* ou *aire da travesía*, rexistradas en Corcubión (108), Abegondo (104) e Povos (273); *vento de cabra fanada*, en Portuzelo (203) e *sieiro*, en Peredo (226) e Ourondo (250).

6. Vento do oeste

Cartografamos no mapa 4 (Anexo 2) os nomes recollidos no ALPI para o vento do oeste en Galicia e Portugal. O emprego do punto cardinal na denominación, *oeste*, non é moi frecuente neste vento. Igual que ocurría con *vento do leste*, tamén *vento do oeste* se restrinxe a algunhas localidades mariñeiras ou próximas á costa: Muros (112.1), Covas (114), Ferreira do Valadouro (116), Bueu (134), Santana (277) e Sagres (291). Máis frecuente é o emprego do sinónimo *poñente* / *poente* (ou, en Galicia, tamén o castelanismo *poniente*). A denominación (*vento do*) *poñente* / (*vento do*) *poente*¹⁸ rexístrase en 16 puntos espallados polo territorio, sen formaren unha área compacta.

Relativa frecuencia presentan as formas *travesía* / *travessia* e (*vento*) *travesío* / *travessão*, rexistradas en 14 puntos espaxados polo territorio galego e portugués. Derivada de *travessia*, en Sagres (291) recóllese *travessada* para denominar o vento do oeste cando este sopra moi forte.

O océano Atlántico, que baña polo poñente todo o territorio estudado, é o punto que se toma como referencia noutra das denominacións máis habituais para o aire desta dirección: *vento do mar* ou *vento mareiro*. Segundo os datos tirados do ALPI, estes nomes son máis frecuentes no territorio portugués ca no galego¹⁹ e teñen tamén unha maior concorrencia en zonas próximas á costa²⁰. Ao carón destas que toman o mar como punto de referencia, recóllense aínda outras denominacións nas que se inclúe outra realidade xeográfica diferente do océano. É o caso de *vento da barra* (vid. n.10), nome rexistrado en oito puntos portugueses localizados maioritariamente na metade máis occidental; *vento do pego* (vid. n.13), denominación localizada en tres puntos no sur de Portugal (en Ferreira do Alentejo [283], Ourique [285] e Monte dos Sapos [286]), *vento da serra*, *vento da ponta da serra* e *vento serrenho* e *vento da lombada*²¹.

O recurso á toponimia e á oronimia é tamén habitual para denominar o vento do oeste, especialmente, segundo se pode observar no mapa 4, na metade sur de Galicia e no sur de Portugal. Casos de topónimos ou de adxectivos derivados deles témolos nas denominacións *aire de San Fins*, en Arbo (138); *aire de Baiona*, en Tui (139); *aire de Covas*, en Vilamarín (142); *aire de Casonel*, en Maceda (144); *aire de Trives*, en Rubiá (147); *vento de Braga*, en Fafe (210); *vento de Moura*, en Barrancos (281); *vento de Odemira*, en Ourique (285) e Monte dos Sapos (286); *vento da banda de Aljezur*, en Marmeleite (290) e *aire santiagués*, en Bandeira (129). Tres casos do emprego da oronimia atópámoslos nas denominacións *aire do Faro*, rexistrada en Chantada (125); *aire do Testeiro*, no Irixe (141) e *vento da serra da Estrela*, en Oleiros (253) e Rosaminhal (254).

Se para o vento do leste se recollía nalgún punto a denominación *vento de arriba* / *vento de cima*, tamén agora, para o vento do poñente, se recollen os nomes de *vento de baixo* e *vento baixo* ata en 20 ocasións, maioritariamente en localidades do norte e centro do territorio lusófono.

¹⁸ Vinculamos con estas a forma *vento da postura*, rexistrada en Odeleite (288).

¹⁹ En Portugal rexístrase en 16 ocasións, en Galicia soamente dúas.

²⁰ Aínda así, tamén achamos *vento do mar* terra adentro, en Guitiriz (118) e Arco de Baúlhe (211).

²¹ *Vento da serra* en Carrazedo de Montenegro (218), Vilarinho de Samardã (219), Rebordãos (222), Peredo (226) e Eiras de Castelões (240); *vento da ponta da serra*, en Lapas (261); *vento serrenho* en Alandroal (280) e *vento da lombada*, en Sobreiró (220).

Finalmente, outras denominacións minoritarias espaxadas polo mapa 4 son: *cusó*, rexistrada en Santa Comba (109); *perrilla*, en Sober (126); *vendaval*, en Nigrán (136) e no Rosal (140); *soño*, en Paço de Rei (216); *vento da neve*, en Aldeia do Bispo (233); *vento fresco*, en Ferreira do Zêzere (260) e *sieiro*, en Belmonte (249).

7. Tipoloxía das denominacións do vento en Galicia e Portugal

Ao mesmo tempo que nos fomos achegando aos diferentes nomes que o vento recibe atendendo á súa dirección, fomos tamén descubriendo que a maioría dos mecanismos empregados na construción das denominacións son compartidos, independentemente da dirección do aire. Fomos vendo asemade que, aínda que hai algunhas denominacións que se restrinxen a certas áreas dialectais, tamén moitas delas son comúns aos dous dominios lingüísticos estudados. Así pois, baseándonos neses recursos xerais empregados para chamarlle aos ventos, establecemos neste punto o esbozo do que podería ser unha tipoloxía das denominacións do aire en Galicia e Portugal:

a. Denominacións formadas cos puntos cardinais. Recorrer aos puntos cardinais é, tal e como vimos, un dos mecanismos preferidos para chamarlle aos ventos. Son moi habituais, tanto en Galicia coma en Portugal, as denominacións *vento (de) + [punto cardinal]*. *Vento (do) norte* e *vento (do) sur / sul* espállanse por todo o territorio estudado. Para as outras dúas direccións, *vento do leste* e *vento do oeste* non teñen moita concorrencia e restríngense principalmente a localidades costeiras; as máis empregadas son, neses casos, *vento (do) nacente / nascente* e *vento (do) poñente / poente*. Vinculadas a estas rexístranse aínda outras formas non moi habituais coma *vento do levante* (para o leste) ou *vento da postura* (para o oeste). Derivada de *norte* encontramos tamén a denominación *nortada*, coa que se refírense a algún punto (vid. n.6) ao vento do norte cando é forte.

b. Denominacións formadas cun adverbio de lugar. Son bastantes frecuentes as denominacións construídas cos adverbios de lugar *arriba / cima* e *abaixo*. *Vento de arriba* designa xeralmente o vento do norte, especialmente en Galicia (vid. n.4) e *vento de abaixo*, o vento do sur. En varios puntos rexístrase tamén *vento de arriba* para o vento do leste e *vento de abaixo* para o do oeste. Son destacables os casos particulares de Navia de Suarna (122) e Vilar Formoso (232), onde ocorre ao revés ca na maior parte do territorio: o *vento de arriba / cima* é o vento do sur e o *vento de abaixo*, o do norte.

c. Denominacións formadas cun topónimo, orónimo ou hidrónimo ou cun adxectivo derivado destes. Tal e como vimos, é habitual no territorio galego e portugués chamarlle aos ventos polo nome dunha localidade veciña situada na dirección da que procede o aire ou por un adxectivo derivado do devandito nome: *aire de Braga* ou *aire bragués*, *vento de Vilalba*, *vento de Viana*, *aire do Courel*, *aire da Feira Nova*, *vento do lado de Góis*, *aire caldelao*, etc. En ocasións, o empregado non é un topónimo, senón un orónimo: *vento do Gerês*, *vento do Marão*, *vento da Peneda*, *aire do Faro*, *aire do Testeiro* ou *vento da serra da Estrela*. Rexistramos tamén nunha ocasión, en Rubiá (147), o uso dun hidrónimo: *vento do Meiral*. Nomes particulares dentro deste grupo son *aire de Galicia*, *vento galego*, *vento de Portugal*, *vento da Espanha*, *vento espanhol* e *vento de Castilla* nos que o que se toma non é o nome dunha localidade, senón dun país, o cal fai que, xeralmente, se repita a mesma denominación en varios puntos do territorio.

d. Denominacións formadas cun substantivo común que designa un elemento da xeografía. En ocasións, tómase como punto de referencia para designar o vento de certa procedencia un elemento da xeografía física situado nesa dirección. Segundo os datos do ALPI, este procedemento é máis frecuente no territorio portugués e as realidades que maioritariamente se toman como referencia son as montañas: *vento da serra*, *vento serrano*, *vento da ponta da serra*, *vento serrenho* e *vento da lombada* e o mar: *vento do mar*, *vento mareiro*, *vento da banda do mar*, *vento da água*, *vento do lado da água* e, por oposición, *vento da terra*. Outras denominacións menos frecuentes formadas con elementos xeográficos son *aire do val* e as para nós dúbidasas aínda *vento da barra* e *vento do pego* (vid. n.7 e n.10).

e. Denominacións que fan fincapé nunha propiedade do vento. Rexístranse no ALPI unhas poucas denominacións espaxadas polo territorio que, amais de indicaren a procedencia do vento, achegan tamén outras informacións sobre o aire designado²²: sobre a súa forza e sobre o tempo meteorolóxico que trae consigo (choiva, frío...). Exemplos destas son *vento da frieira*, *vento fresco* e *vento da neve*, que parecen indicar que se trata dun aire que trae o frío e a neve canda el e tamén *vento mata cabras* e *vento da cabra fanada*, denominacións que parecen aludir ás temibles consecuencias dun forte vento.

²² En realidade, seguramente tamén todas as denominacións anteriores achegan información a maiores para os seus usuarios. Ao vir o *vento do norte*, *do sur*, *de riba*, *de abaixo*, etc. os falantes saben (ou sabían) que, dependendo da dirección e doutros factores, habería un mellor ou peor tempo. Neste grupo incluímos soamente aquelas designacións lingüísticas dos ventos que explicitamente achegan unha información nova.

f. Denominacións propias dos ventos. Finalmente, recollemos nesta última categoría da tipoloxía, aqueles nomes exclusivos para designar os ventos. Ata aquí vimos os aires denominados polo punto cardinal, por un topónimo ou orónimo, por un elemento da xeografía ou por un adverbio. Falamos agora de denominacións propias, particulares dos ventos. Entre elas sinalamos algunha das máis habituais: *vendaval*²³, frecuente en Galicia para chamarlle ao vento do sur; *solano*, *soán*, *soao*, *soão*, denominacións frecuentes en todo o territorio para designar o vento do leste, o vento que vén do lugar polo que sae o sol; *travesía* e *vento travesío*²⁴, bastante frecuente como denominación do vento do oeste e *sieiro*²⁵, denominación rexistrada para varias direccións, maioritariamente para o vento do norte.

Cabo

Son moitos e moi variados os nomes que no *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* se recollen para falar dos ventos. A través deste traballo quixemos achegarnos a eles, clasificalos, cartografalos e tentar establecer unha tipoloxía das denominacións común aos dominios galegófono e lusófono. Descubrimos a sistematicidade dos mecanismos empregados para chamarlle aos ventos, que na creación das denominacións se seguen unhas determinadas pautas, pautas polo xeral comúns a todo o territorio estudado.

O texto conclúe aquí, mais o traballo fica aberto. Pendente nos queda achegarnos aos ventos do nordés, noroeste, sueste e suroeste; descubrir os sentidos dalgunhas denominacións para nós dúbidas e seguirmos avanzando no espazo románico cara ás variedades da península que quedaron fóra deste traballo e que poderían ser tamén estudadas a través dos materiais do *ALPI*.

A nosa última pretensión ao elaborarmos este traballo era deixar constancia dalgunhas formas que se foron perdendo entre os falantes ao longo dos oitenta anos que separan os datos do *ALPI* da actualidade. Cremos sen dúbida que de facermos hoxe a pregunta 425 da enquisa nos mesmos puntos, os resultados obtidos presentarían ben menos riqueza e variación. A canda os cambios sociais e culturais, o léxico vai tamén mudando, decrecendo por uns lados e medrando por outros. Hoxe podemos saber o tempo que fará toda a semana prendendo a radio ou cunha rápida pescuda na rede. Nos anos 30, cando aínda non botaban a predición meteorolóxica cada noite na televisión, cumprían outro tipo de métodos para saber que tempo faría, máis aínda cando del dependía o sustento económico dunha sociedade dedicada principalmente ao agro e á pesca. Un deles era ter ben controlados os ventos, alomenos coas palabras. De aí a boa cantidade de denominacións recollidas no *ALPI* e tamén algunhas ensinanzas en forma de refráns²⁶ coma *aire do Suído, vende os bois e compra millo* (143), *vento solão, chuva na mão* (200), *vento da Arouca, vento muito, chuva pouca* (213) ou *vento cantaril, solta os bois e bota a fugir* (230).

Referencias

- DdD = Santamarina, Antón (ed.) (2003) *Diccionario de diccionarios*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega. <<http://sli.uvigo.es/DdD/>> [consultado:08/04/2014]
- DRAG = *Diccionario da Real Academia Galega* [en liña], <<http://www.realacademiagalega.org/diccionario>> [consultado: 08/04/2014]
- Mouton García, Pilar, D. Heap e M.P. Perea (2012) The present and the future of the *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* (ALPI). In *Dialectología* [en liña], vol. Special Issue III. Disponible en: <<http://www.publicacions.ub.edu/revistes/dialectologiasp2012>> [consultado: 08/04/2014]
- Mouzo Villar, Rosa (2009) Análise contrastiva entre galego e portugués: as oracións condicionais no ALPI. In *Textos Seleccionados. XXIV Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Linguística*. Lisboa: APL, pp. 558-596.
- Navarro Tomás, Tomás (dir.) (1962) *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*, vol. I. *Fonética*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas.
- Priberam = *Dicionário Priberam da Língua Portuguesa* [en liña], <<http://www.priberam.pt/dlpo/chave>> [consultado: 08/04/2014].
- Sousa Fernández, Xulio (2008) Notas sobre o *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* en Galicia. In M. Brea, F. Fernández Rei e X.L. Regueira (eds.) *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 299-306.
- TLPGP = Álvarez, Rosario (coord.) *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.es/Tesouro>> [Consultado: 08/04/2014]

²³ Esta forma presenta tamén a acepción de ‘vento moi forte’ (DRAG), ‘Vento forte e tempestuoso; temporal’ (Priberam).

²⁴ *Travesío* ten tamén o significado de ‘Vento que sopra de lado’ (DRAG) e ‘vento contrário e forte’ (Priberam).

²⁵ No DRAG, *sieiro* é definido como ‘vento moi frío e seco’.

²⁶ Os refráns citados están tamén extraídos do *ALPI*, dos cadernos indicados entre parénteses.

ANEXO 1. Localidades ALPI Galicia e Portugal

Galicia

Nº - Localidade - Concello - Provincia

100 - Sismundi - Cariño - A Coruña	126 - Sober - Sober - Lugo
101 - Valdoviño - Valdoviño - A Coruña	127 - San Clodio - Ribas de Sil - Lugo
102 - Miño - Miño - A Coruña	128 - Agolada - Agolada - Pontevedra
103 - Oleiros - Oleiros - A Coruña	129 - Bandeira - Silleda - Pontevedra
104 - Abegondo - Abegondo - A Coruña	130 - Cuntis - Cuntis - Pontevedra
105 - Aranga - Aranga - A Coruña	131 - Vilanova de Arousa - Vilanova de Arousa - Pontevedra
106 - Baio - Zas - A Coruña	132 - Meaño - Meaño - Pontevedra
107 - Carballo - Carballo - A Coruña	133 - Cerdedo - Cerdedo - Pontevedra
108 - Corcubiión - Corcubiión - A Coruña	134 - Bueu - Bueu - Pontevedra
109 - Santa Comba - Santa Comba - A Coruña	135 - Fornelos de Montes - Fornelos de Montes - Pontevedra
110 - Ordes - Ordes - A Coruña	136 - Nigrán - Nigrán - Pontevedra
111 - Boimorto - Boimorto - A Coruña	137 - Pontearreas - Pontearreas - Pontevedra
112 - A Lavacolla - Santiago - A Coruña	138 - Arbo - Arbo - Pontevedra
112.1 - Muros - Muros - A Coruña	139 - Tui - Tui - Pontevedra
113 - Rois - Rois - A Coruña	140 - O Rosal - O Rosal - Pontevedra
114 - Covas - Viveiro - Lugo	141 - O Irixo - O Irixo - Ourense
115 - Muras - Muras - Lugo	142 - Vilamarín - Vilamarín - Ourense
116 - Ferreira do Valadouro - O Valadouro - Lugo	143 - A Arnoia - A Arnoia - Ourense
117 - Devesa - Ribadeo - Lugo	144 - Maceda - Maceda - Ourense
118 - Guitiriz - Guitiriz - Lugo	145 - Celeiros - A Pobra de Trives - Ourense
119 - Cospeito - Cospeito - Lugo	146 - O Bolo - O Bolo - Ourense
120 - Neiro - A Fonsagrada - Lugo	147 - Rubiá - Rubiá - Ourense
121 - Palas de Rei - Palas de Rei - Lugo	148 - Rairiz de Veiga - Rairiz de Veiga - Ourense
122 - Navia de Suarna - Navia de Suarna - Lugo	149 - A Gudiña - A Gudiña - Ourense
123 - Meixente - Sarria - Lugo	150 - Entrimo - Entrimo - Ourense
124 - Pedrafita do Cebreiro - Pedrafita do Cebreiro - Lugo	151 - Oímbra - Oímbra - Ourense
125 - Chantada - Chantada - Lugo	


Portugal

Nº - Localidade - Concello - Distrito


200 - Paderne - Melgaço - Viana do Castelo	220 - Sobreró - Vinhais - Bragança
201 - Insalde - Paredes de Coura - Viana do Castelo	221 - Rio de Onor - Bragança - Bragança
202 - Moledo - Caminha - Viana do Castelo	222 - Rebordãos - Bragança - Bragança
203 - Portuzelo - Viana do Castelo - Viana do Castelo	223 - Torre de Dona Chama - Mirandela - Bragança
204 - Tamente - Ponte da Barca - Viana do Castelo	224 - Vimioso - Vimioso - Bragança
205 - Salamonde - Vieira do Minho - Braga	225 - Duas Igrejas - Miranda do Douro - Bragança
206 - Balugães - Barcelos - Braga	226 - Peredo - Macedo de Cavaleiros - Bragança
207 - Marinhãs - Esposende - Braga	227 - Vilarinho das Azenhas - Vila Flor - Bragança
208 - Apúlia - Esposende - Braga	228 - Lagoaça - Freixo de Espada à Cinta - Bragança
209 - Brito - Guimarães - Braga	229 - Vila Nova de Foz-Coa - Vila Nova de Foz-Coa - Guarda
210 - Fafe - Fafe - Braga	230 - Quinta Nova - Pinhel - Guarda
211 - Arco de Baúlhe - Cabeceiras de Basto - Braga	231 - Casas de Soeiro - Celorico da Beira - Guarda
212 - Vila do Conde - Vila do Conde - Porto	232 - Vilar Formoso - Almeida - Guarda
213 - Santo Tirso - Santo Tirso - Porto	233 - Aldeia do Bispo - Sabugal - Guarda
214 - Nevogilde - Lousada - Porto	234 - São Romão - Seia - Guarda
215 - Gondar - Amarante - Porto	235 - São João da Pesqueira - São João da Pesqueira - Viseu
216 - Paço de Rei - Vila Nova de Gaia - Porto	236 - Moimenta da Beira - Moimenta da Beira - Viseu
217 - Montalegre - Montalegre - Vila Real	237 - Vale de Matos - Castro Daire - Viseu
218 - Carrizado de Montenegro - Valpaços - Vila Real	238 - Conlela - Oliveira de Frades - Viseu
219 - Vilarinho de Samardã - Vila Real - Vila Real	239 - Castendo - Penalva do Castelo - Viseu

240 - Eiras de Castelões - Tondela - Viseu
241 - Sobrado de Paiva - Castelo de Paiva - Aveiro
242 - Pardilhó - Estarreja - Aveiro
243 - Famalicão - Anadia - Aveiro
244 - Praia de Mira - Mira - Coimbra
245 - Montemor-o-Velho - Montemor-o-Velho - Coimbra
246 - Lavos - Figueira da Foz - Coimbra
247 - Chainça - Penela - Coimbra
248 - Arganil - Arganil - Coimbra
249 - Belmonte - Belmonte - Castelo Branco
250 - Ourondo - Covilhã - Castelo Branco
251 - Monsanto - Idanha-a-Nova - Castelo Branco
252 - Alcains - Castelo Branco - Castelo Branco
253 - Oleiros - Oleiros - Castelo Branco
254 - Rosmaninhal - Idanha-a-Nova - Castelo Branco
255 - Vieira - Marinha Grande - Leiria
256 - Pataias - Alcobaça - Leiria
257 - Mendiga - Porto de Mós - Leiria
258 - Atouguia da Baleia - Peniche - Leiria
259 - Espite - Ourém - Santarém
260 - Ferreira do Zêzere - Ferreira do Zêzere - Santarém
261 - Lapas - Torres Novas - Santarém
262 - Rio Maior - Rio Maior - Santarém
263 - Cartaxo - Cartaxo - Santarém
264 - Almeirim - Almeirim - Santarém
265 - Coruche - Coruche - Santarém
266 - Montalvão - Nisa - Portalegre
267 - Belver - Gavião - Portalegre
268 - Vale de Açor - Ponte de Sor - Portalegre
269 - Reguengo - Portalegre - Portalegre
270 - Sousel - Sousel - Portalegre
271 - Campo Maior - Campo Maior - Portalegre
272 - Sobreiro - Mafra - Lisboa
273 - Povos - Vila Franca de Xira - Lisboa
274 - Almargem - Sintra - Lisboa
275 - Alcabideche - Cascais - Lisboa
276 - Moita - Moita - Setúbal
277 - Santana - Sesimbra - Setúbal
278 - Grândola - Grândola - Setúbal
279 - São Matias - Évora - Évora
280 - Alandroal - Alandroal - Évora
281 - Barrancos - Barrancos - Beja
282 - Moura - Moura - Beja
283 - Ferreira do Alentejo - Ferreira do Alentejo - Beja
284 - Vila Nova de Milfontes - Odemira - Beja
285 - Ourique - Ourique - Beja
286 - Monte dos Sapos - Mértola - Beja
287 - Santa Justa - Alcoutim - Faro
288 - Odeleite - Castro Marim - Faro
289 - Alte - Loulé - Faro
290 - Marmeleite - Monchique - Faro
291 - Sagres - Vila do Bispo - Faro
292 - Fuseta - Olhão - Faro

ANEXO 2. Mapas



MAPA 1. Vento do norte




- (vento) sur / sul
vento do sur / sul
- vendaval
- ▼ vento de abaixo
- ▲ vento de arriba / cima
- ★ vento dos portugueses
- ★ vento de Portugal
- ★ vento de + topónimo / orónimo
vento + adxectivo derivado de top. / orón.
- ⊙ (vento) soán / soño / solano
- vento da água / vento do lado da água
- vento do mar / vento da banda do mar
- ◆ vento da serra
- ◆ vento da terra
- ◆ vento do pego
- ◇ vento da barra
- ✕ (vento) cantaril
- ✱ temporal
- ✱ levante

MAPA 2. Vento do sur



- (vento) leste / este
vento do leste / este
- (vento do) levante
- ⊙ (vento do) nacente / nascente / *naciente*
- ◻ (vento) soño / soán / soao
- (vento) solano / solão
- ★ vento espanhol
- ✳ vento da Espanha
- ⊙ (vento) de + topónimo / orónimo
vento + adxectivo derivado de top. / orón.
- ▲ vento de arriba / cima
- ▼ vento de abaixo
- ⊙ (vento) travesío / travessão
- ⊙ (aire de) travesía
- ◆ vento da terra
- ◊ vento da serra
- ◊ vento serrano
- ◇ aire do val
- ⊕ vento da cabra fanada
- ✕ sieiro
- ✳ vento da barra

MAPA 3. Vento do leste



- oeste
- ⊙ (vento de/do) poñente / poente / *poniente*
- ◻ (vento) travesío / travessão
- (vento de / da) travesía
- ◻ travessiada
- ▲ vento mareiro
- ▼ vento do mar / vento da banda do mar / vento do lado do mar
- ⊛ vento de + topónimo / orónimo
- ⊛ vento + adxectivo derivado de top. / orón.
- ▼ vento de abaixo / baixo
- ▲ vento baixo
- ⋄ vento da barra
- ◊ vento do pego / vento da banda do pego
- ⊕ vento da serra
- ⊗ vento serrenho
- ⋆ vento da punta da serra
- ⋆ vento da lombada
- sieiro
- ◻ cuso
- ◻ perrilla
- ✦ soão
- ★ vendaval
- vento da neve
- ⊙ vento da postura
- vento fresco

MAPA 4. Vento do oeste